

**Preguntas frecuentes arredor do expediente de contratación da Consellería de Economía e Industria para a selección de socio/s estratéxico/s con que formalizar acordo/s de asociación para o desenvolvemento precomercial da Civil UAVs Initiative (FAQs):**

**P.- Estamos interesados en participar na Civil UAVs Initiative, onde podemos atopar toda a información ao respecto?**

R.- Poden atopar toda a información sobre a Civil UAVs Initiative na web [Civiluavsinitiative.com](http://Civiluavsinitiative.com) e na [sección sobre a iniciativa na web de GAIN](#).

**P.- Se desexo presentarme á licitación para a contratación por parte da Xunta de Galicia dun/s socio/s estratéxico/s co que formalizar un acordo/s de asociación para o desenvolvemento precomercial da Civil UAVs Initiative (RFP-A), onde podo consultar as bases completas da licitación?**

R.- Pode consultar a información completa da licitación no documento RFP, dispoñible en galego, castelán e inglés, na [sección Documentación](#), da web [Civiluavsinitiative.com](http://Civiluavsinitiative.com).

**P.- Que día se publicou o anuncio da licitación no Diario Oficial de Galicia (DOG)?**

R.- O luns 20 de xullo de 2015. Pode acceder ao anuncio a través da seguinte [ligazón](#).

**P.- Que día pecha o prazo para presentarme á contratación para a busca dun ou varios socios estratéxicos para o desenvolvemento precomercial da Civil UAVs Initiative?**

R.- O luns 3 de agosto.

**P.- O procedemento de licitación está pechado ás entidades que se postularon á Request for Information (RFI) ou que participaron no workshop?**

R.- Para presentarse ao actual procedemento de licitación, RFP - Fase 1, non é preciso ter respondido á RFI nin ter participado no workshop dos días 20 e 21 de xullo en Santiago de Compostela.

**P.- Cal é o número de expediente que debo poñer no anexo 2 “Solicitude de participación”?**

R.- O número de expediente que hai que poñer é UAV-RFP-A/1-2015.

**P.- Nese mesmo anexo 2, cal é a denominación do contrato que debo poñer?**

R.- A denominación do contrato é Civil UAVs Initiative Fase I (RFP-A).

**P.- Se se presenta á licitación un conxunto de empresas, en lugar dunha empresa única, hai que cumprimentar unha declaración responsable (anexo 2) por empresa ou unha para o conxunto?**

R.- Tal como se recolle no apartado p) do anexo 2, os compoñentes e a agrupación deberán encher individualmente dito anexo. Ademais indicarán, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.

**P.- A empresa B, propiedade da empresa A, presenta unha oferta conxuntamente coa empresa C que, á súa vez, pertence á empresa D. Poden presentar datos económicos/financeiros e técnicos/profesionais (Anexos 5 e 6) dos accionistas das empresas A e D?.**

R.- Si, poderían facelo. Cando se trate de empresas pertencentes a un mesmo grupo, entendéndose por tales as que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de Comercio, poderán basearse na solvencia e medios das entidades do seu grupo empresarial sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

Tamén, para acreditar a solvencia precisa, tanto económica como financeira e técnica ou

profesional, o licitador (individual ou agrupación temporal) poderán basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas sempre que demostre que, para a execución do contrato, dispón efectivamente deses medios.

**P.- As universidades e centros tecnolóxicos poden participar na agrupación de empresas que opten á contratación aportando os seus datos de solvencia económica e técnica?**

R.- As universidades e centros tecnolóxicos poden participar nas mesmas condicións que calquera outro participante de UTE.

**P.- En canto á solvencia técnica que hai que acreditar, cal é o requisito mínimo?**

R.- O requisito mínimo de solvencia técnica ou profesional é a realización nos últimos cinco anos dun proxecto de I+D, financiado con fondos públicos ou privados, ou un servizo de I+D para un terceiro, que poderá ser público ou privado. Tanto os proxectos de I+D como os contratos de servizos de I+D deben cumprir os requisitos e especificacións recollidos no documento regulador.

**P.- Os requisitos de solvencia económica e financeira do licitador, no caso de que se presente un grupo de empresas, aplícanse ao conxunto ou a cada membro individualmente?**

R.- Os criterios de solvencia aplícanse ao conxunto.

**P.- Aquelas empresas, centros tecnolóxicos e universidades coas que chegue a un acordo de participación o licitador, deben cumprir os requisitos de solvencia?**

R.- Non, os criterios de solvencia só se aplican aos licitadores.

**P.- Que se entende por “área de influencia”?**

R.- A área de influencia non responde a un criterio xeográfico, se non que calquera actividade que realice un organismo dentro da Civil UAVs Initiative que contribúa aos obxectivos do polo tecnolóxico, considérase dentro da área de influencia (punto A.3 da Parte I do documento regulador).

**P.- En relación ao contido do Anexo 8. Lista de efectos do programa conxunto de I+D desexado pola Xunta, que tipo de información hai que aportar?**

R.- O documento regulador da Civil UAVs Initiative en relación cos efectos do programa conxunto de I+D establece:

- No apartado B.4.a.ii) relativo á proposta de Programa de I+D a presentar por cada licitador no seu apartado f) fai referencia a “Os efectos (outcomes) e impactos do programa conxunto sobre a contorna”.
- No apartado D.7.b.ii) relativo ao contido do Programa de I+D+i, entre os elementos que deberá conter inclúe: “Efectos esperados e posibles impactos, tanto sobre o sector aeroespacial como sobre outros sectores”.
- No apartado D.10, a matriz de valoración prevé 5 puntos na parte relativa a “Correspondencia entre os efectos esperados do programa e os efectos desexados pola administración”.
- Finalmente o apartado F8. Anexo 8, contén a lista dos efectos do programa conxunto de I+D desexados pola Xunta.

En conclusión, o licitador deberá, na súa proposta inicial, describir de forma detallada como contribuirá o seu proxecto á consecución de cada un (un a un) dos efectos desexados.

**P.- En relación co anexo 3, Modelo de ficha de subcontratación, confirmar que no límite de 15.000 palabras están incluídas as fichas de subcontratistas e demais Anexos?**

R.- Como se indica na invitación para participar no procedemento competitivo, na **extensión máxima de 15.000 palabras** inclúense todos os anexos. **As propostas que superen esta extensión serán excluídas.**

**P.- En referencia ao orzamento de contratación indicado no apartado B.7.da Parte II da RFP-A, en caso de ser adxudicatarios, os pagamentos realizaranse por fitos de entrega, pero haberá opción de anticipo dos pagamentos anuais ao igual que fai o CDTI nos proxectos de I+D?**

R.-. O calendario e as fórmulas de pagamento establécense no Acordo de asociación que se firmará co socio ou socios seleccionados.

No apartado E.2. Fases do desenvolvemento precomercial obxecto do Acordo, establécese que "O acordo fixará uns obxectivos intermedios que deberán alcanzar os socios e proverá o pagamento da retribución en prazos axeitados."

Polo tanto o pagamento realizarase tras a consecución de obxectivos intermedios. Los fitos e obxectivos intermedios, que dan lugar á realización de pagamentos, serán obxecto de negociación entre a Axencia Galega de Innovación e o socio ou socios seleccionados.

**P.- En relación á data límite do 3 de setembro para enviar a proposta técnico-económica inicial relacionada coa Fase I (RFP-A), podemos enviar tal proposta ata media noite de tal día ou hai algún límite horario diferente?**

R.- O modo de presentación de ofertas é o seguinte:

- En rexistro: se optase por esta vía, haberá de recibirse dentro do horario do rexistro (9 a 14 de luns a venres).
- Por correo: se optase por esta vía, a hora límite será as 23:59, pero hai que ter en conta os horarios comerciais e o requisito de que se anuncie a GAIN que realizou a presentación, xa que ese anuncio debe ter lugar no mesmo día en que se presenta en correos (medios para anunciar: fax: +34 981 54 10 39, correo electrónico: [xestion.gain@xunta.es](mailto:xestion.gain@xunta.es)). **MOI IMPORTANTE** é que **a proposta non se pode enviar por correo electrónico, SÓ se enviará o xustificante de remisión da documentación.**

**P.- Debe ir firmado o anexo 3 na copia electrónica?**

R.- En relación á consulta formulada sobre a necesidade da firma no anexo III, xa que o documento regulador non esixe a presentación con firma electrónica, non é imprescindible que este anexo estea firmado en formato electrónico. Si é imprescindible que se firme o presentado en papel.